

## A LENTA NUDEZ

Ricardo Martínez-Conde ten sido un dos primeiros en utilizar a forma xaponesa do haiku -estudiada en profundidade no limiar por Luís Alonso Girgado- para construír un poemario, *Orballo nas camelias*, que acada a súa continuidade nun volume máis recente, editado por Libros da Frouma, *A núa lentitude*. Devén esta obra nun intenso encontro co ámbito natural permitindo este feito a reflexión profunda sobre os momentos da vida, o seu misterio inexplicable, o lirismo que subxace na floración das cerdeiras e por iso as fermosas ilustracións de Baldo Ramos veñen completar o cadro dunha vivencia totalitaria pois “*No libro está/ a paisaxe esquecida/ que agardabamos*”.

*Tempos Novos*, 57, febreiro 2002, p. 67